

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS 2025

Extracto da convocatoria das bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais 2025

BDNS (Identif.): 808749

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode atoparse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/808749>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria das bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais 2025, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias directas destas subvencións as persoas físicas ou xurídicas ou as agrupacións sen personalidade xurídica que cumpran os requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria.

Segundo. Obxecto

O obxecto das subvencións reguladas nesta convocatoria é o financiamento parcial da realización de actividades escénicas e musicais con carácter público na provincia de Ourense, promovidas por persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade xurídica.

Serán beneficiarias directas destas subvencións as persoas físicas ou xurídicas ou as agrupacións sen personalidade xurídica, domiciliadas fiscalmente na provincia de Ourense que, a instancias dos promotores, realicen as ditas actividades escénicas e musicais.

Terceiro. Bases reguladoras

Acordo da Xunta de Goberno do 13 de xaneiro de 2025 polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2025.

Cuarto. Importe

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420/48901 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025.

A contía total máxima das subvencións obxecto desta convocatoria é de douscentos dez mil euros, ata esgotamento do crédito orzamentario (210.000,00 €).





Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP de Ourense; a xustificación deberá presentarse unha vez realizada a actuación e, como máximo, antes do 30 de novembro de 2025. Non obstante o anterior, para as actuacións que se realicen no mes de decembro de 2025 admitirase a presentación da xustificación ata o 15 de xaneiro de 2026.

Deputación Provincial de Ourense, 14 de xaneiro de 2025. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 86

